

Manual do formatador Kfloppy

Thad McGinnis

Nicolas Goutte

Programador: Bernd Johannes Wuebben

Desenvolvimento (novo deseño da interface): Chris Howells

Desenvolvimento (engadido do soporte para o BSD): Adriaan de
Groot

Revisión: Lauri Watts

Tradutor do proxecto Trasno: Xosé Calvo



Manual do formatador Kfloppy

Índice xeral

1. Introducción	5
2. Utilización do Kfloppy	6
2.1. Opcións de control	6
2.1.1. Unidade lectora de disquetes	6
2.1.2. Sistemas de ficheiros	7
2.2. Opcións de formatación	7
2.2.1. Método de formatación	7
2.2.2. Verificar Integridade	8
2.2.3. Etiqueta de volume	8
2.3. Os botóns	8
3. Opcións da liña de comandos	10
4. Créditos e licenzas	11
A. Programas externos necesarios	12
B. Dispositivos indicados polo usuario	13
B.1. Introducción	13
B.2. Utilización	13

Resumo

O formatador Kfloppy é unha utilidade que fornece un medio gráfico para formatar disquetes de 3.5" e 5.25".

Capítulo 1

Introdución

O formatador Kfloppy é unha utilidade que fornece un medio gráfico para formatar disquetes de 3.5" e 5.25".

NOTA

O Kfloppy depende de programas externos e, polo tanto, funciona de momento só co Linux® e o BSD™. Dependendo de se se está a empregar o Kfloppy nun Linux® ou nun BSD™, pode que o Kfloppy teña funcionalidades lixeiramente diferentes.

CUIDADO

Asegúrese de que o disquete *non* está montado. O Kfloppy non pode formatar un disquete montado.

Capítulo 2

Utilización do Kfloppy

Ao iniciar o Kfloppy ábrese unha xanela na que se poden seleccionar as opcións apropiadas e controlar o proceso de formatación. Estas opcións e controles detállanse máis abaixo.

CUIDADO

Asegúrese de que o disquete *non* está montado. O Kfloppy non pode formatar un disquete montado.

2.1. Opcións de control

Estas opcións escóllense empregando os tres menús despregados no recanto superior esquerdo do Kfloppy.

2.1.1. Unidade lectora de disquetes

Ao premer o menú superior, o que ten o nome **Unidade lectora de disquetes**, aparecen as dúas opcións seguintes:

- Primaria
- Secundaria

Ao premer o segundo menú desde arriba, o que ten o nome **Tamaño**, aparecen as catro opcións seguintes:

- 3.5" 1.44MB
- 3.5" 720KB
- 5.25" 1.2MB
- 5.25" 360KB

A versión para Linux[®] do Kfloppy tamén ten unha escolla de tamaño chamada:

- Autodetectar

NOTA

O formato dos disquetes de 800k usados polas unidades de disquetes do Mac[®] non é posíbel nas unidades de disquetes dos PC, xa que estes non son quen de formatar disquetes desa maneira.

2.1.2. Sistemas de ficheiros

O terceiro menú, chamado Sistema de Ficheiros, ofrece as escollas seguintes, de seren aplicábeis:

Dos

Esta opción fai que o Kfloppy coloque no disquete o sistema de ficheiros do MS-DOS/Windows®. Normalmente este sistema de ficheiros será o preferido se se pretende empregar o disquete neses sistemas operativos, xa que non recoñecen outros sistemas de ficheiros. (Isto é posíbel no Linux® e no BSD™.)

ext2

Esta opción fai que o Kfloppy coloque no disquete o tipo de sistema de ficheiros máis usado co Linux®, se ben raramente se emprega nos disquetes. (Isto é posíbel no Linux® e no BSD™.)

UFS

Esta opción fai que o Kfloppy coloque o sistema de ficheiros máis usado co FreeBSD®. Normalmente este sistema de ficheiros preferirase se só se vai empregar ese disquete co FreeBSD®. (Isto é posíbel só no BSD™.)

Minix™

Esta opción fai que o Kfloppy coloque no disquete un sistema de ficheiros que se emprega con frecuencia no Linux®. (Isto só é posíbel no Linux®.)

2.2. Opcións de formatación

Contidas nunha caixa, na parte central esquerda do Kfloppy, hai un conxunto de cinco opcións de formatación. As dúas primeiras son un par de botóns de radio.

NOTA

Este termo (botóns de radio) indica un conxunto de opcións de entre as que só se pode seleccionar unha - da mesma maneira que só podemos ter sintonizada unha emisora na radio dun coche.

As dúas últimas opcións sirven para etiquetar o disquete. Explícanse todas embaixo:

2.2.1. Método de formatación

O Kfloppy pode formatar un disquete de dúas maneiras:

Formatación Rápida

Isto simplemente coloca o novo sistema de ficheiros no disco.

ATENCIÓN

Pérdense todos os datos do disco, mesmo se os datos en si non se borran.

Limpar con ceros e formatación rápida

Esta formatación coloca primeiro ceros no disco e despois crea o novo sistema de ficheiros.

ATENCIÓN

Eliminaranse todos os datos do disco.

Formatación Completa

Unha formatación completa fai unha reasignación das pistas e sectores, coloca o sistema de ficheiros seleccionado no disquete e, a continuación, verifica o formato e bloquea todos os sectores danados que atope.

ATENCIÓN

Eliminaranse todos os datos do disco.

2.2.2. Verificar Integridade

Isto dille ao Kfloppy que verifique se a formatación do disquete se fixo correctamente. Isto permite que se identifiquen os sectores danados.

NOTA

Se se atopan sectores estragados durante a fase de verificación dunha formatación completa, a formatación interrómpese e o sistema de ficheiros non se grava!

2.2.3. Etiqueta de volume

As dúas últimas funcionalidades permiten engadirlle unha etiqueta ao disquete (ou alterala). Se a opción **Etiqueta do volume**: estiver seleccionada, pódese introducir o nome para o disquete que vai ser formatada no campo de texto localizado inmediatamente embaixo. Cando o disquete estiver formatado, escríbese a etiqueta.

NOTA

Debido a unha limitación do sistema de ficheiros do DOS, a etiqueta non pode ter máis de once caracteres. Por simplificación, o Kfloppy asume que ese límite se aplica a todos os sistemas de ficheiros.

NOTA

O sistema de ficheiros Minix™ non pode ter unha etiqueta de volume. Neste caso, o Kfloppy ignora a etiqueta do volume.

2.3. Os botóns

Hai tres botóns situados verticalmente no lado dereito da xanela do Kfloppy.

Formatar

Este botón inicia o proceso de formatación. Cando o usuario estiver certo de que todas as opcións escollidas son correctas, pode dar inicio á formatación premendo este botón. Posteriormente haberá unha alteración das dúas caixas rectangulares longas da parte inferior da xanela do Kfloppy.

Manual do formatador Kfloppy

A caixa superior é o indicador do estado que dá información sobre o proceso en curso, especialmente os erros que van aparecendo durante o proceso.

A caixa inferior é unha barra de progreso. Mostra gráfica e numericamente o progreso da formatación e posteriormente da verificación. Antes de comezar parece estar baleira - mostrando apenas a figura 0% no centro. A medida que se realiza cada proceso, este é seguido graficamente polo enchemento da caixa desde a esquerda para a dereita. Ao mesmo tempo, o número no centro vai subindo, reflectindo a percentaxe precisa do proceso.

NOTA

Dado que o Kfloppy usa programas externos para formatar o disquete, tense que basear nestes programas para obter as informacións correctas para poder mostrar a barra de progreso. Desafortunadamente, este non é o caso. En concreto, os programas que escriben os sistemas de ficheiros non envían datos dabondo, razón pola cal a barra de progreso fica no 0%.

IMPORTANTE

Asegúrese de que o disquete *non* está montado. O Kfloppy non pode formatar un disquete montado.

NOTA

O Kfloppy *non* desmonta o disquete por si só, dado que iso podería significar que o usuario podería sobrescribir os datos dun disquete que conteña datos importantes.

Axuda

This invokes the KDE help system starting at the Kfloppy help pages (this document).

Report Bug

Report a problem to the KDE team.

About KFloppy

This displays version and author information of Kfloppy.

About KDE

This displays version and author information of KDE.

Saír

Premendo este botón fégase o Kfloppy.

Capítulo 3

Opcións da liña de comandos

Ainda que a maioría das veces se inicie o Kfloppy a partir do menú de programas do KDE, ou dunha icona do escritorio, tamén se pode abrir desde a liña de comandos dun terminal. Hai algunhas opcións que se poden empregar cando se fai así. Son:

kfloppy --help

Isto enumera as opcións máis básicas que están dispoñíbeis desde a liña de comandos.

kfloppy --help-qt

Isto enumera as opcións dispoñíbeis para mudar a maneira como interacciona o Kfloppy co Qt™.

kfloppy --help-kde

Isto enumera as opcións dispoñíbeis para mudar a maneira como o Kfloppy interacciona co KDE.

kfloppy --help-all

Isto enumera todas as opcións da liña de comandos.

kfloppy --author

Enumera os autores do Kfloppy na xanela do terminal

kfloppy --version

Lista a información sobre as versións do Qt™, do KDE, e do Kfloppy. Tamén está dispoñíbel a través de **kfloppy -v**

Capítulo 4

Créditos e licenzas

Programa Formatador Kfloppy con Copyright 1997 - 2000 Bernd Johannes Wuebben wuebben@math.cornell.edu

Programa Formatador Kfloppy con Copyright 2002 de Adriaan de Groot groot@kde.org

Programa Formatador Kfloppy con Copyright 2004, 2005 de Nicolas Goutte goutte@kde.org

Documentación con Copyright 2000 de Thad McGinnis ctmcginnis@compuserve.com.

Documentación con Copyright 2005 de Nicolas Goutte goutte@kde.org.

Esta versión do manual do Kfloppy baséase na versión orixinal de David Ruge davidruge@mindspring.com

Tradución da documentación: Xosé Calvo - <http://trasno.net/>

Esta documentación está licenciada sob os termos da [GNU Free Documentation License](#).

Este programa está licenciado sob os termos da [Licenza Pública Xeral de GNU](#).

Apéndice A

Programas externos necesarios

Como xa se dixo anteriormente neste manual, o Kfloppy funciona coa axuda de programas externos para executar as diferentes tarefas de formatación.

NOTA

Se falta un dos programas, o Kfloppy tentará funcionar igualmente. Porén, a opción correspondente non estará dispoñible.

fdformat

Este programa é necesario para a formatación a baixo nivel no Linux[®] e no BSD[™]. Se falta, desactívase a **Formatación completa**.

dd

Este programa é necesario para limpar o disco con ceros no Linux[®] e no BSD[™]. Se falta, desactívase a opción **Limpeza con ceros e formatación rápida**.

mkdosfs

Este programa é necesario para a formatación en DOS no Linux[®].

newfs_msdos

Este programa é necesario para a formatación en DOS no BSD[™].

newfs

Este programa é necesario para a formatación en UFS no BSD[™].

mke2fs

Este programa é necesario para a formatación en ext2 no Linux[®] e no BSD[™].

mkfs.minix

Este programa é necesario para a formatación en Minix[™] no Linux[®].

Apéndice B

Dispositivos indicados polo usuario

B.1. Introducción

“Dispositivos indicados polo usuario” é o título actual dunha funcionalidade aínda experimental no Kfloppy. Permite que o usuario indique un nome de dispositivo e que o empregue como se fose unha unidade de disquetes.

Esta funcionalidade pretende ser unha solución alternativa para os usuarios que teñen unidades de disquetes USB de calquera tipo (incluídas as unidades de discos ZIP™) ou outras unidades de disquetes non antigas.

NOTA

Desafortunadamente, cando se escribiu esta documentación a funcionalidade aínda non é doada para o usuario, dado que non lle ofrece ningunha axuda para saber como se chama un dispositivo determinado e o Kfloppy nen sequer recorda o nome do dispositivo de chamada para chamada. (Isto débese, parcialmente, a factores de seguranza, dado que o dispositivo da unidade de disquetes pode mudar entre arranques do sistema.)

NOTA

Dado que esta funcionalidade foi desenvolvida no Linux®, a versión do BSD™ ofrece menos opcións que o Kfloppy no Linux®.

B.2. Utilización

A utilización de “Dispositivos indicados polo usuario” é bastante simple: abonda con indicar un nome de dispositivo, como por exemplo, `/dev/sdz4` na lista **Unidade de disquetes:** en vez de seleccionar Primaria ou Secundaria.

NOTA

Hai que indicar `/dev/` como parte do nome do dispositivo por dúas razóns:

- É como o Kfloppy recoñece o modo “Dispositivos indicados polo usuario”.
- Serve de seguranza, para evitar que o usuario escriba calquera cousa no menú despregábel que non sexa válida como nome de dispositivo.

Manual do formatador Kfloppy

Desafortunadamente, a utilización de calquera dispositivo en vez dunha unidade de disquetes ten algunhas consecuencias negativas. A principal é que deixa de poderse utilizar a **Formatación Completa**. Ao facelo aparece unha mensaxe de erro cando se inicia formatación. Porén, pódese empregar a opción **Limpeza con ceros e formatación rápida** como alternativa. O dispositivo non se formata, só se enche con ceros, se ben na práctica é case o mesmo; especialmente, elimínanse todos datos do dispositivo.

ATENCIÓN

Teña cuidado ao indicar o nome do dispositivo. O Kfloppy pásalle o nome do dispositivo tal cal aos programas externos. Para alén disto, non verifica (e tampouco o fan os programas externos) se o dispositivo é realmente unha unidade de disquetes. Se se indica que algunha das particións do disco principal é un dispositivo, acéptase. (Se a partición estiver montada ou se non se pode escribir neste dispositivo, aparece unha mensaxe de erro, o que evitará o peor).

NOTA

Mesmo se se indica un nome de dispositivo do tipo `/dev/fd0u2880`, o Kfloppy rexeitará facer unha **Formatación Completa** nel.

No Linux[®] pódese seleccionar calquera sistema de ficheiros que se desexe. No BSD[™], de momento só é posíbel o UFS (e aínda non se probou cando se escribiu esta documentación).

Cando estea a piques de formatar, prema o botón **Formatar** como de costume. Aparece unha xanela de mensaxe que pide que se verifique o nome do dispositivo.

ATENCIÓN

Esta é a última oportunidade de verificar o nome do dispositivo antes da formatación. Despois, xa é demasiado tarde.